

Completa o texto de Kant

Algunhas ideas de Kant sobre a paz

Instrucións

Completa o texto reenchendo cada recadro coa palabra axeitada, que debes elixir entre as palabras propostas na lista que se che ofrece. Coidado coa ortografía, xa que a falta de acentos ortográficos, por exemplo, ou a súa colocación equivocada, ou a confusión de letras maiúsculas e minúsculas, devolverá un erro. As palabras propostas poderían ter que estar dúas veces no texto.

Se o teu teclado non posúe a letra "ñ" obterás tamén un resultado erróneo, o que podes evitar copiando e pegando a palabra en cuestión no recadro correspondente; noutro caso, mira as respostas correctas e, (só se a ausencia do "ñ" é a causa do erro), considera válida a túa resposta.

Exercicio

Lista de palabras (13)

“paz, guerra, máquina, dispostos, permanentes, armamentos, gastos, morran, pesadume, empéñanse, causa, compadece, persoa”

Os exércitos _____ son unha incesante ameaza de _____ para os demais Estados, posto que están sempre _____ e preparados para combater. Os diferentes Estados _____ en superarse uns aos outros en _____, que aumentan sen cesar. E como, finalmente, os _____ ocasionados polo exército permanente chegan a facer a _____ aínda máis intolerábel que unha guerra curta, acaban por ser eles mesmos a _____ de agresións, cuxo fin non é outro que librar ao país do _____ dos gastos militares. Engádase a isto que ter xentes a soldo para que _____ ou maten parece que implica un uso do home como mera _____ en mans doutro -o Estado-; o que non se _____ ben cos dereitos da Humanidade na nosa propia _____.

Solución

Os exércitos [**permanentes**] son unha incesante ameaza de [**guerra**] para os demais Estados, posto que están sempre [**dispostos**] e preparados para combater. Os diferentes Estados [**empéñanse**] en superarse uns aos outros en [**armamentos**], que aumentan sen cesar. E como, finalmente, os [**gastos**] ocasionados polo exército permanente chegan a facer a [**paz**] aínda máis intolerábel que unha guerra curta, acaban por ser eles mesmos a [**causa**] de agresións, cuxo fin non é outro que librar ao país do [**pesadume**] dos gastos militares. Engádase a isto que ter xentes a soldo para que [**morran**] ou maten parece que implica un uso do home como mera [**máquina**] en mans doutro -o Estado-; o que non se [**compadece**] ben cos dereitos da Humanidade na nosa propia [**persoa**].